



CG/ap

Asunto	Informe complementario sobre efectos sinérgicos no marco da avaliación ambiental	Clave	PE/OU/008/21(3)
Proxecto	Parque eólico Serra do Faro Ampliación II		
Espazo natural	Ningún		
Concello	Rodeiro. Dozón (Pontevedra). San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense).		
Provincia	Pontevedra e Ourense		
Solicitante	Servizo de Avaliación de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	Ref.	2020/0155
Promotor	Pena da Costa Eólica S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante nota interior do 19.12.2022 do Servizo de Avaliación de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe relativo aos efectos sinérgicos do parque eólico de referencia, derivado do feito que esta instalación se atopa nun ADE no que hai proxectados varios proxectos.

A presente solicitude non se acompaña de nova documentación, supón por tanto unha petición sobre aspectos xa contidos no expediente relativo ao proxecto e que esta Dirección Xeral informou con anterioridade durante a tramitación ambiental. Neste senso esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu o informe ao que se refire a solicitude (PE-OU-008-21 (02)) con data de 25.10.2022.

O actual informe se restrinxirá ao requirido, isto é, análise dos impactos sinérgicos deste parque a raíz da confluencia na mesma ADE de máis instalación eólicas, debendo considerarse por tanto un complemento ao anterior.



II. Análise e avaliación de sinerxias.

A raíz da solicitude efectuada revísase a documentación obrante no expediente de referencia co fin de poder dar resposta á caracterización dos efectos sinérxicos que se detectan en relación a este proxecto. Nun primeiro termo se fará alusión ao ámbito de estudo que a este respecto se incorpora en devandita documentación para a posteriori interpor a análise e valoración específica de esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

— **Identificación, descrición e análise dos efectos sinérxicos do proxecto efectuada no estudo de impacto ambiental sobre os factores do patrimonio natural e a biodiversidade.**

A documentación da promotora onde se contemplan o estudo de sinerxias se corresponde co "ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL. PARQUE EÓLICO SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II. JUNIO 2020".

Neste senso o EsIA no seu apartado 8.7 "Efectos acumulativos (aditivos o sinérxicos) con P.E. próximos", leva a cabo o estudo dos efectos aditivos e/o sinérxicos que sucedan entre os elementos do presente proxecto (PE Serra do Faro Ampliación II) con outros proxectos entre eles de parques eólicos ata un máximo de 5 km de distancia. Os elementos que se atopan dentro deste ámbito son os seguintes:

Parques eólicos:

- ❖ Chantada – 6 aerogeneradores.
- ❖ Penas Grandes – 9 aerogeneradores.
- ❖ Serra do Faro – 11 aerogeneradores.
- ❖ Coto frío – 5 aerogeneradores.

— **Análise e valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.**

Exposto o ámbito de estudo considerado na documentación da promotora de seguido se faise a análise e valoración propia desta Dirección Xeral, neste senso cabe destacar os seguintes aspectos:



As áreas de desenvolvemento eólico (ADE) son os espazos delimitados polo Plan sectorial eólico de Galicia, susceptibles de acoller a un ou a varios parques eólicos, sempre que resulten ambientalmente viables.

Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores.

As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural ven establecendo unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto.

Con todo, as aliñacións e conxuntos de aeroxeradores de varios parques eólicos poden xerar efectos sinérxicos e acumulativos que deben ser valorados.

Co fin de analizar estes efectos, calculouse por esta dirección xeral, como primeiro paso, o espazo afectado polos aeroxeradores dentro do ADE e as ADE veciñas, considerando que a área afectada por cada aeroxerador esténdese en 1 km á redonda de cada posición (tomando esta distancia en base ao menor radio das áreas de campeo dos rapaces presentes na zona, tomadas de Atienza, J.C., I. Martín Fierro, O. Infante, J. Valls y J. Domínguez. 2011. Directrices para la evaluación del impacto de los parques eólicos en aves y murciélagos (versión 3.0). SEO/BirdLife, Madrid). Consideráronse tanto as máquinas en funcionamento ou aprobadas como as dos proxectos con fito en xaneiro de 2023.

Para valorar a importancia da superficie afectada comparouse a suma de áreas afectadas coa dispoñible dentro do ADE e ADE veciñas, ponderada en función dos seguintes criterios:

- ❖ Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.
- ❖ Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias



de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e dispónse a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, ou na área crítica para o aguia real, elaborada no ano 2012 pola entón Dirección Xeral de Conservación da Natureza co obxecto de permitir o seu uso nos procedementos de avaliación de efectos de plans e proxectos sobre as especies ameazadas en Galicia.

- ❖ Reservas da biosfera.
- ❖ Resto do territorio.

A partir desta aproximación, en segundo lugar avalíase a situación local.

Neste senso o parque eólico atópase nun entorno analizado cun alto nivel de ocupación, que nunha área de 5 km ao redor, acollería os parques eólicos de Chantada modificado, Coto frío, Penas Grandes modificado, Serra do Faro 1ª fase, Serra do Faro ampliación. O proxecto ademais inclúese dentro dunha áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión. Así mesmo neste área de 5 km, ao este do parque, se encontran o espazo protexido Rede Natura 2000 "Pena Veidosa" e "Monte Faro", e zonas núcleo, tampón e de transición da reserva da biosfera "Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel". A todo o anterior cabe engadir que o parque introduce un efecto barreira adicional inexistente anteriormente, cortocircuitando o corredor que actualmente existe en dirección norte sur, corredor que na súa parte oeste esta saturado por unha longa aliñación, entorno aos 100 km, de aeroxeradores e parques.

Por todo o sinalado se desprende un alto nivel de ocupación e saturación nun área restrinxida, incremento de barreiras ás aves, nun entorno con espazos naturais protexidos e outras figuras que albergan especies sensibles e catalogadas. Do anterior determinase que se xerará un efecto sinérxico e acumulativo de impactos, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna, incompatible coas necesidades destas poboacións.



III. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Serra do Faro ampliación II, infórmase que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros sería un impacto ambiental crítico, polo que conclúese que **o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable.**

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e Prace

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

